

**ADAPTACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN, PARA CUBRIR POLO SISTEMA DE CONCURSO, UN POSTO TEMPORAL DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE PROXECTO PARA REALIZACIÓN DAS TAREFAS DO PROXECTO EGI-ADVANCED COMPUTING FOR EOSC (EGI-ACE)" FINANCIADO POLA COMISIÓN EUROPEA DENTRO DO PROGRAMA HORIZONTE 2020, PARA ADECUALAS Á DURACIÓN DESTE PROXECTO E Á NORMATIVA DO REAL DECRETO-LEI 32/2021 DE 28 DE DECEMBRO.**

**REFERENCIA: EGI-ACE-2021-TSP1  
NRP: 6091104**

En data 06/05/2022 emítese pola dirección xeral de Función Pública informe favorable ás bases que rexerán o proceso selectivo para a provisión temporal dun posto de técnico/a superior de proxecto que quedou vacante por dimisión do seu titular.

En data 12/05/2022 publicáronse as bases iniciándose o proceso de selección para cubrir a vacante.

En data 06/06/2022 quedou deserta esta praza por falta de candidatos que cumpran os requisitos, polo que resulta necesario facer de novo esta convocatoria para cubrir o posto.

As bases aprobadas adáptanse en canto á nova duración e modalidade do contrato a realizar, así na páxina 12 de 18 onde dí:

*"Ata a finalización do proxecto, prevista para xuño de 2023, aproximadamente 13 meses".*

Debe dicir:

*"Ata a finalización do proxecto, prevista o 30 de xuño de 2023"*

E na mesma páxina onde dí:

*"Contrato de traballo temporal para a realización de proxecto específico de investigación científica e técnica, para persoal científico e técnico"*

Debe dicir:

*"Contrato de duración determinada, a xornada completa, vinculado a programas financiados con fondos europeos, para a realización do proxecto EGI Advanced Computing for EOSC (EGI-ACE), financiado pola Comisión Europea, dentro do Programa Europeo Horizon 2020".*

En Santiago de Compostela á data da sinatura dixital

Lois Orosa Nogueira  
Director xerente da Fundación Pública Galega  
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

